



MEMORIA HISTÓRICA NA LIXG

(Literatura Infantil e Xuvenil Galega)

Pilar Sampedro Martínez

2ª edición
corrixida e
ampliada



Comisión pola Recuperación da
Memoria Histórica da Barbanza

MEMORIA HISTÓRICA NA LIXG

(Literatura Infantil e Xuvenil Galega)

Pilar Sampedro



Revisión lingüística

Manuel Cartea Gómez

Consello directivo

Presidente: Carlos Cimadevila Álvarez

Secretario: Néstor Sieira Fernández

Tesoureiro: Francisco Gómez Regenjo

Vogal: Manuel Cartea Gómez

Vogal: Manuel González González

Vogal: Xoán Carlos Hermida Bouza

Vogal: María Teresa Rodríguez Castiñeiras

Vogal: Mercedes Rodríguez Pimentel

Vogal: María Dolores Sanlés Sieira

Deseño e maqueta

Francisco Gómez Regenjo

Carlos Cimadevila Álvarez

2ª edición: Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica
da Barbanza

Autora: Pilar Sampedro Martínez

Novembro 2024

Depósito legal: C 1289-2024

MEMORIA HISTÓRICA NA LIXG

(Literatura Infantil e Xuvenil Galega)

Entramos neste pórtico por medio da voz narradora de *Corredores de sombra*:

“A través do colexio non me chegara gran cousa, pois en todos os cursos, tanto en Historia como en Literatura, o mundo parecía rematar xusto antes de 1936, e nunca se daban os temas derradeiros dos libros”

Isto, do que se fala na cita, obrigounos a aterrar na memoria histórica a través de manifestacións culturais como a literatura, o cine ou a arte. O impacto do Guernika de Picasso foi unha aldrabada no peito que continúa a resoar. por intermedio da ficción chegamos á realidade histórica, desentráñase a memoria pervertida (na xeración dos avós e dos pais) e a verdade –como chuvia maina– vai empapando o tempo coas emocións e os sentimentos que tocan máis profundo que cantidades e estatísticas. Historiadores, a nivel persoal ou grupal, dende a Facultade (a través do proxecto Nomes e voces) van tentando recuperar o relato daqueles días (que van dende o golpe de estado que desembocou na guerra, posguerra e ditadura) para limpalo de falsidades porque o terror e o medo chegan a se asentar sobre a crueldade e a mentira, tratando como traidores os leais ao voto da cidadanía e escurecendo os logros da República (baixo a imaxe da desorde).

A nosa LIX, nace da necesidade de dotar de historias propias a rapazada despois da longa noite de pedra, é dicir, no tempo no que o galego entra na escola. Por iso é resultado dun compromiso coa identidade e os valores democráticos; as súas autoras e autores traballan baixo o mandato dunha obriga ética coa lingua e a poboación que a fala e coa renovación pedagóxica (no caso do profesorado escritor). Así debemos entender as obras que recollemos nesta guía, que pretende ser recurso de recursos para mediadoras/es no seu traballo coa infancia e a mocidade.

Non todas as obras teñen a memoria histórica como tema central, de aí que sinalemos cun asterisco aquelas que resultan imprescindibles. Ademais destas, hai outras nas que esa época aparece como un pano de fondo, como unha atmosfera, un silencio pesado que marca os días. Noutros casos, a referencia a ese momento histórico é apenas un personaxe secundario, unha mención, un feito... que debe terse en conta.

Aparecen lugares que se repiten, como a illa de San Simón (*A lavandeira de San Simón*, *A árbore dos vagalumes*, *Regreso á illa de San Simón*, *Noite de voraces sombras*), ou circunstancias como a perda de memoria (*A árbore dos vagalumes*, *A muller prohibida...*) que nos fan pensar na desmemoria das xeracións anteriores. Dentro desta constelación literaria podemos, polo tanto, establecer pequenos subgrupos ao redor de subtemas coma o volframio ou os mestres represaliados, ou xéneros como a banda deseñada, que poden ser unha boa porta de entrada. Sen dúbida, un bo pórtico é sempre a proximidade e, neste caso, unha novela como *Febre*, situada no Barbanza, vainos permitir un roteiro literario e realizar traballo de campo que documente a ficción.

Certamente, aínda que maioritariamente se trate de libros destinados a lectorado experto (LE), tamén atopamos algún para o lectorado autónomo (LA) e un par deles destinados a mediadores (LM). Da mesma maneira que, mesmo cando a meirande parte das obras pertenzan ao xénero da narrativa, contamos con banda deseñada, álbum ilustrado e ata un par de obras de teatro. Unicamente un libro non está circunscrito á época que recoñecemos como MH (memoria histórica) no Estado español; trátase de *Mañá vén meu tío*, que trata sobre as desaparicións nas ditaduras latinoamericanas pero é un tema tan xeral que nos obriga a recoñecernos e pensar en todos os que tamén aquí foron eliminados e cuxos restos nos foron recuperados.

Lenda:

nivel de lectura	xénero
Ⓐ lectura autónoma	● narrativa
Ⓔ lectura experta	● teatro
Ⓜ lectura mediadora	● álbum ilustrado
	● banda deseñada
★ lectura imprescindible	● libro informativo

Cada libro da guía vén acompañado dun símbolo. A cor indica o xénero literario e a letra que indica o nivel de lectura. Ademais, marcamos cunha estrela aquelas publicacións que a autora considera imprescindibles.


Aqueles anos do Moncho



Xosé Neira Vilas | 1976

O rapaz que realiza o relato vai madurando ao enfrontarse á realidade cruel da guerra e a represión, a desesperación dos fuxidos e a soberbia brutal dos que vencen sen ter que dar nin a batalla.

Terceira parte da triloxía “Ciclo do neno” que comezara con *Memorias dun neno labrego* e continuara con *Cartas a Lelo*. A imaxe da cuberta da editorial Akal reproduce *A derradeira lección do mestre*, reafirmando desta maneira a relación coa MH (Memoria Histórica).



A teima de Xan



Antonio García Teijeiro | 1991

A morte do seu tío Peixoto leva a Xan a lembrar un tempo pasado no que as persoas non podían pensar en liberdade. Dese tempo gris, feito da cor da mesquindade e do medo no que o tío tivo que vivir fuxido, no exilio interior.

Cómpre recuperar a memoria dun repudiado pola súa ideoloxía.




A misteriosa montaña de Pena Negra

A

Concha Blanco | 1993

Nesa montaña aínda permanece un dos fuxidos da guerra, unha presenza misteriosa que aparece nalgún outro libro desta autora. El cóntalles a súa historia e a dos seus compañeiros ao rapaz e á rapaza cos que se encontra.

Primeira edición con ilustracións de Cristina Losantos. Publicada na colección Trolebús (Casals Editorial).




Mañá fará bo día

E

Luce Fillol | 1993

1939, a finais da contenda, unha das familias de perdedores vese obrigada a tomar o camiño do exilio. Unha dura loita pola supervivencia que pasará polos campos de refuxiados, o frío, a fame, a miseria e a ausencia de liberdade.

Tradución de Antonio Pichel, publicada dentro da colección Árbore da editorial Galaxia.




A encrucillada da torre

E

Xosé Ramón González
Álvarez | 1994

É o mundo da posguerra na Galicia rural e vilega, rodeada de montes case selváticos polos que aínda pululan partidas guerrilleiras e patrullas da Garda Civil.



Contos da travesía, VII Tren Caixa Galicia

E

VV. AA. | 1995

Inclúe o relato *O mestre de Silvarrei* de Darío Xohán Cabana. Nel recóllese a historia dun mestre que ensina o himno galego, crea unha biblioteca ambulante e, ao chegar a traizón dos militares á República aparece morto. As referencias aos políticos da época enriquecen o relato.

Con ilustracións de Paula Paradela.




Crónicas de Media Tarde

A

Juan Farias | 1997

“Cando a guerra se foi, volveron os soldados e o pobo quedou máis en silencio que nunca. Chegara a paz. Uns vivírona felices pero outros tiveron que andar de puntillas.”

Traducido por Xavier Senín, foi publicado en Punto de Encontro (Everest Galicia, 1997). A súa aparición en español supón un cambio no tratamento do tema, ao quedar exposto, por primeira vez, o sufrimento dos vencidos.




Todo o peso do ceo

E

Xosé Manuel Martínez Oca | 1997

Fala dun tempo histórico: o da Guerra Civil e a posguerra, presentado desde o plano cotián da vida nunha vila castelá á que van segar os seitureiros galegos: un mundo abafante, pechado, no que todo o peso do ceo preme enriba da cabeza.




Historias roubadas

E

Francisco Fernández Naval | 1998

Oito relatos entre os que destaca *A cor dunha lembranza* (un pai que ao remate da guerra non volve á casa onde o esperan a súa muller e os seus fillos), *De Rodeiro a Casablanca* (a vida dunha rapaza que debe exiliarse cos seus pais republicanos a Casablanca. Alí coñecen xente, coma eles, que escapa do poder dos alemáns) e *Xaneiro 1959* (exiliados en Cuba e relación co Che Guevara).

Dentro da colección Punto de encontro (Everest Galicia).




Sorrir en Frades

★ A

Siro López | 1998

Narra os anos anteriores e posteriores á Guerra Civil, deténdose na represión do mestre galeguista.

Escrito e ilustrado por Siró, está publicado na colección Trolebús, de Casals.




A serra máxica

A

Xavier Lorenzo | 1998

Na serra madrileña pasan o Nadal, comparten o tempo cun mestre republicano que ten acollido na súa casa un amigo que semella axudante e é un xudeu fuxido do réxime nazi.

Ilustrado por Loli Coira, publicouse na colección Narrativa para nenos (Ediciós do Castro).




Silencio no corazón

★ E

Jaume Cela | 1999

A Guerra Civil vista e vivida por dous amigos adolescentes que maduran ao ritmo da traxedia bélica que golpea a maioría das familias do pobo.

Traducido por Leandro García, despois de ter acadado o premio Abril.



Tempo rachado



Margot Chamorro | 1999

“Aínda está moi viva entre nós a memoria da Guerra Civil e tamén a dos longos e crueis anos de posguerra; unha época gris e amarga, sobre todo para quen tiveron que ver como os seus ideais quedaban esmagados. Ese é o tempo rachado visto a través dos ollos dunha nena nacida nunha familia dos vencidos.”

Publicado na colección Merlín, de Xerais, ilustrado con fotografías do Arquivo Pacheco.




As ribeiras son escuras



Manuel María | 1999

Un conxunto de relatos que retratan a vida en Galicia en diferentes momentos da guerra e a posguerra.

As augas van caudais, sobre os encoros que no franquismo asolagaron terras sen respecto ningún polos propietarios. *O xornaleiro* relata a obriga de ir á guerra un mozo, que non ten idea de a que responde ese enfrontamento, nin a razón de que el teña que participar.




A pesca está no vento

A

Xosé A. Ventoso Mariño | 2001

É a historia dun neno da beiramar na Galicia da posguerra e a persecución dos vencidos.

Ilustrado por Cesáreo Varela Sobrado, está publicado na colección O Elefante Contacontos (Ir Indo).




Historias para calquera lugar

★ E

VV. AA. | 2001

Editase coa chegada do número cen das obras publicadas na colección Merlín, con ilustracións de Miguelanxo Prado.

Nel aparecen dous relatos imprescindibles para abordar esta temática. *A muller prohibida*, de An Alfaya (O avó contalle ao neto a súa historia e a da España dos días difíciles nos que asasinaron o seu pai nun daqueles “paseos de ida sen volta”), e *As sombras do faro*, de Agustín Fernández Paz (No lugar no que foran fusilados –nos días do golpe militar– aparecen sombras que semellan reivindicar a súa memoria).




Veas verdes e catro contos máis

E

VV. AA. | 2001

Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2000. Entre os relatos aparece *Caeu a noite*, de Alberto Rodríguez Díaz, que relata como pasan a guerra, agachados, dous amigos de ideas progresistas; ao rematar, deciden saír, son golpeados por falanxistas e un deles desaparece.




Memorias dunha vaca

★ A

Bernardo Atxaga | 2002

A vaca relata os duros anos da posguerra no campo vasco, cando se lles enviaban sinais de cando podían baixar (e cando non) os fuxidos, dependendo da presenza da Garda Civil. Estes sinais teñen moito que ver con esas vacas que saen a pastar.

Traducida por Valentín Arias, foi publicada en O barco de vapor, da editorial S. M.



Noite de voraces sombras



Agustín Fernández Paz | 2002

En 2001 aparece o relato *A memoria dos soños rotos*, de Agustín Fernández Paz, no volume *Ninguén está só*, publicado por Amnistía Internacional.

Este texto é a semente de *Noite de voraces sombras*, publicado na colección Fóra de xogo (Xerais). Unha obra na que aborda, dende os ollos dunha adolescente, a recuperación das vidas e dos ideais que quedaron rotos trala Guerra Civil e a amarga posguerra.




Santos e defuntos



Gonzalo Navaza | 2002

Con ilustracións de Ramón Trigo, está publicado por Xerais. Entre os relatos, aparece a historia dun tío fuxido a América na fin da guerra e as controversias que poden crear estas situacións.



A casa da luz

A

Xabier P. Docampo | 2002

Pumariño, un vello que andaba sempre a picar nas paredes da casa de Eiravella, agacha, detrás da súa mudez, unha tristísima ferida familiar que vén dos tempos da guerra. O trauma como consecuencia do horror.

Ilustrado por Xosé Cobas, aparece en Sopa de Libros de Xerais.




O Pausiñas

E

Roque Cameselle | 2002

Cun humor costumista, celebrativo e lírico, recupera a memoria histórica -emigración, guerra, opresión- salferida de traxedias.

Dentro da colección Descuberta (Galaxia).




Contos de Nadal

E

Manuel Rivas | 2003

Ilustrado por Miguelanxo Prado, para Xerais. Neste volume aparece o relato *O namorado de María*, no que un dos personaxes é o fuxido que aproveita o belén vivinte no pazo para coñecer o seu fillo.

Este relato aparece tamén en *Madonna e outros contos de inverno* (Xerais, 2015).



Durmido sobre os espellos

E

Jordi Serra i Fabra | 2003

Un mozo descobre que seu avó, que cría morto, está vivindo en Cuba e tivo relación co Che e con Fidel Castro. De paso, descubrirá a razón pola que ten fuxido. O poder omnipotente na España da ditadura facía imposible un mínimo indicio de xustiza.

Traducido por Silvia Gaspar, publicouse en Costa Oeste (Galaxia).



As fontes do destino

E

Blanca Álvarez | 2004

A tensión política dese momento esténdese e toca as súas terras. A sombra da Guerra Civil paira sobre os personaxes da historia.

Foi publicado na colección Catavento (Tambre).




Caderno de Riparia

E

Xosé A. Perozo | 2004

O protagonista vai atopar, na casa de vacacións de verán, unhas pantasma que non permiten o esquecemento nin a inxustiza á que levan sometidos dende 1936, aqueles tempos malditos do golpe de estado.

Foi premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2003 e publicada en Fóra de xogo (Xerais).



Un marciano neste mundo

A

Conchi Regueiro | 2004

A protagonista realiza unha viaxe no tempo para rescatar da morte un familiar desaparecido no ano 1936 e situalo no mundo actual, en completa contradición co que estaba vivindo.

Con ilustracións de Xosé Tomás, está publicado na colección Meiga Moira (Baía edicións).



Palabras de pan

★ E

Blanca Álvarez | 2005

Despois de participar na II Guerra Mundial, o soldado republicano Santiago Balboa regresa a Galicia para proseguir a loita contra a ditadura franquista. Fuxindo da Garda Civil, só e famento, agáchase nos montes de Vigo.

Traducido por Luís Fernández Rodríguez, foi publicado en Catavento (Tambre).




O tolo da ría

A

Juan Farias | 2005

Cunha linguaxe poética narra a historia dun marxinado, dun maldito, un deses seres invisibles que se arrastran pola existencia sen facer ruído e padecen as consecuencias da guerra.

Traducido por Isabel Soto e Xavier Senín, ilustrado por Irene Fra, publicado por Ala Delta (Tambre).




A lingua das bolboretas

★ E

Manuel Rivas | 2005

Relato sobre un mestre republicano represaliado, que se publicara anteriormente en *Que me queres, amor?* Unha vez máis, aparece o mestre como inimigo a abater polos golpistas, o adversario ao que non poden perdoarlle o empeño en repartir educación e cultura.

Edición ilustrada por Miguelanxo Prado.




A sombra descalza



An Alfaya | 2006

As voces caladas das mulleres da casa saen á luz, para recuperar a dignidade, a través da esculca do pasado.

Gañadora do premio Lazarillo. Publicada dentro da colección Fôra de Xogo (Xerais).




Casa durmida



Xosé María Álvarez
Cáccamo | 2006

Cando a casa semella durmida, na noite, un fuxido amigo vén de visita.

Obra teatral con ilustracións de Berta Cáccamo, na colección A Pinguela (Fervenza, 2006).



Cando era tempo de inverno

E

Pepa Barrios | 2006

Relatos, ambientados nun Lugo de posguerra e ditadura, nos que se fala da memoria cunha mirada de profunda tenrura. Unha reivindicación da dor que sufriron as mulleres nunha etapa de silencio imposto e ignominia.

Publicase na colección Doce x Viteous (Sotelo Blanco)



Corredores de sombra

★ E

Agustín Fernández Paz | 2006

Ao facer unhas reformas no pazo, descóbrese un esqueleto, cun burato de bala na cabeza, emparedado entre dous tabiques. Unha adolescente é testemuña e, desa maneira, descubrirá as dramáticas consecuencias da chamada Guerra Civil.

Publicado en Fóra de Xogo (Xerais).

